

PROGRAMA FORMATIVO CON ACREDITACIÓN RTTP
PARA PERSOAL DE XESTIÓN DE TRANSFERENCIA

Curso presencial:

TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA: VALORACIÓN E NEGOCIACIÓN

30
PRAZAS

O curso
impartirase
integramente
en inglés

Data: mércores 25 e xoves 26 de xuño de 2025

Horario: de 09:30 a 14:30 h e de 15:15 a 18:30 h.

De 14:30 a 15:15 h servirase un almuerzo tipo catering a cargo do Programa Ignicia

Lugar de celebración: Axencia Galega de Innovación, Aula A04

Rúa Airas Nunes, s/n · 15702 Santiago de Compostela

Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia

Contido

Este curso está deseñado para que o persoal profesional da transferencia de tecnoloxía desenvolva habilidades de valoración da propiedade intelectual utilizando métodos estándar na industria. Aborda os principais enfoques —o método de mercado e o método de ingresos— e amosa como se aplican para apoiar acordos de licenza.

O curso é eminentemente práctico e inclúe exemplos reais. Comprende un exercicio final de simulación completa, no que o alumnado asumirá o rol dunha oficina de transferencia de tecnoloxía ou dunha empresa colaboradora para traballar nun modelo de valoración e na negociación dun acordo de licenza de propiedade intelectual.



Competencias que se adquirirán nesta formación:

- **Comprensión dos métodos de valoración:** identificación e comparación dos métodos máis utilizados na industria para a valoración da propiedade intelectual, incluíndo os enfoques de mercado e de ingresos.
- **Aplicación de ferramentas prácticas de valoración:** experiencia práctica con ferramentas como o fluxo de caixa descontado, o valor actual neto e os comparables de mercado mediante exercicios estruturados e exemplos reais.
- **Estruturação de acordos de licenza:** comprensión sobre como inflúe a valoración no deseño de acordos de licenza e nos termos financeiros, incluíndo *royalties*, pagos por fitos e estruturas de participación accionarial.
- **Relación con axentes comerciais:** anticipo ás prioridades e expectativas de licenciarios e socios, explorando distintas perspectivas sobre estratexia, valor, risco e retorno.
- **Desenvolvemento de confianza na negociación:** participación en simulacións baseadas en roles para practicar o peche de acordos e gañar confianza na presentación e xustificación dos enfoques de valoración.

Axenda

Mércores 25 de xuño

Sesión de mañá (de 09:30 a 14:30 h, cunha pausa café de 11:45 a 12:15 h)

Introdución ao curso e enfoque de mercado

- Introducción e visión xeral do curso
- Fundamentos de tecnoloxía e valoración empresarial
- Enfoques de valoración: enfoque de mercado
- Exercicio práctico: uso do enfoque de mercado para valorar unha tecnoloxía

Sesión de tarde (de 15:15 a 18:30 h, cunha pausa café de 17:00 a 17:15 h)

Enfoque de ingresos

- Métodos de valoración: enfoque de ingresos – Parte 1
- Exercicio práctico: aplicación de distintos métodos de valoración e análise de estados financeiros
- Métodos de valoración: enfoque de ingresos – Parte 2

Xoves 26 de xuño

Sesión de mañá (de 09:30 a 14:30 h, cunha pausa café de 11:45 a 12:15 h)

Valoración e negociación

- Exercicio práctico: desenvolvemento dun modelo de valoración
- Exercicio práctico: negociación

Sesión de tarde (de 15:15 a 18:30 h, cunha pausa café de 17:00 a 17:15 h)

Enfoque de Opcións Reais e Estudo de Caso

- Enfoque de opcións reais para a valoración
- Estudo de caso de valoración
- Peche do curso

Acreditación e certificación

→ Este curso está acreditado pola *Alliance of Technology Transfer Professionals* (ATTP) e proporciona 15 puntos para a obtención da acreditación *Registered Technology Transfer Professional* (RTTP)

Contacto

→ +34 981 957 000
→ ignicia.gain@xunta.gal

Inscripción

→ Ata o día 11 de xuño ás 14:00 h a través deste [formulario de inscrición online](#)



Biografías das persoas formadoras



Frank Wong

Consultor, Oxentia Ltd

Frank conta cunha sólida traxectoria en Bioenxeñaría e Química, especializado na comercialización de tecnoloxías, emprendemento e captación de fondos. Executa transaccións empresariais mediante asesoramento estratéxico, licenciamiento, colaboracións e rondas de financiamento.

Frank é o responsable das ofertas de valoración en Oxentia. O seu coñecemento das metodoloxías de valoración desde a perspectiva da transferencia tecnolóxica permite desenvolver enfoques personalizados e axeitados para cada caso. Ademais, Frank elaborou unha guía de valoración de *spin-outs* para a WIPO (Organización Mundial da Propiedade Intelectual), destinada a orientar ao persoal profesional da transferencia tecnolóxica nas prácticas de valoración.

Frank tamén colabora con KIATT, un *family office* español, na busca e avaliación de oportunidades de investimento en capital de risco. Antes de unirse a Oxentia, traballou como analista nunha consultora de fusións e adquisicións no sector das ciencias da vida. Así mesmo, foi pioneiro no desenvolvemento dunha liña de probas para a súa comercialización nun instituto de investigación aplicada en Hong Kong. Durante os seus estudos de doutoramento Frank puxo en marcha un proxecto farmacéutico tipo *spin-up* que obtivo o primeiro premio nun concurso de emprendemento na Universidade de California, Berkeley.

Posúe un doutoramento en Química pola Hong Kong Baptist University e fala con fluidez inglés, mandarín e cantonés.



Sebastián Tagle

Consultor Senior, Oxentia Ltd

Sebastián conta con máis dunha década de experiencia apoiando o emprendemento, asesorando e mentorizando a máis de 150 empresas. Como responsable do departamento de emprendemento nunha destacada ONG en Chile, levou a cabo con éxito máis de 100 programas, chegando a máis de 30.000 empresas a través de distintos tipos de intervencións (mentoría, formación e financiamento).



Ademais, Sebastián ofrece orientación metodolóxica en apoio ao emprendemento a empresas privadas, organizacións sen ánimo de lucro e organismos gobernamentais. Tras traballar en Chile, Colombia, Panamá, España e o Reino Unido, posúe unha ampla perspectiva internacional.

Fala español e inglés, e conta cun nivel intermedio de portugués. Posúe un Máster en Administración de Empresas (MBA) pola PUC-Chile e un Máster en Políticas Públicas (MPP) pola Universidade de Oxford. Sebastián tamén compartiu os seus coñecementos como docente universitario en temas relacionados co fortalecemento de capacidades e o emprendemento.

